

## PROPOSTAS DE TAREFAS PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Desde a escola propoñémosvos realizar unha serie de tarefas de carácter VOLUNTARIO, que sirvan de reforzo aos contidos que traballamos ao longo do primeiro e segundo trimestre. Son tarefas sinxelas e agradables, que non se deben impoñer, senón máis ben estimular e motivar, creando situacións de aprendizaxe e divertimento.

### Un pouquiño de traballo diario:

- Sentarnos tódolos días a facer algo despois de almorzar, para non perder o hábito de estar facendo unha tarefa.
- Mirar contos xuntos, facer debuxos, colorear, facer colaxes, modelar coa plastilina, xogos de mesa, etc.
- Observar o calendario tódolos días vendo feitos de interese (por exemplo aniversarios).
- Observar pola fiestra o tempo que está a facer.
- Se se acordan poden ensinarvos algunha canción como a dos "Buenos días", "Os días da semana", "O sol", "Pequeño planeta", "Rosalía pequeniña". Ou aprender outras para cantarnos á volta na aula.

### Para reforzar a lóxica-matemática os peques poden:

- Axudar a poñer a mesa, os cubertos, vasos, pratos e panos, calculando cantos se necesitan.
- Ordenar obxectos segundo o seu tamaño (de menor a maior e viceversa).
- Xogar con cousas cotiás: con macarróns e lá xogar a ensartar, con tapóns de cores crear series, con ceras clasificar por cores comparando cantidades...
- Elaborar receitas sinxelas na vosa compañía. Por exemplo, un biscoito; medir, pesar, calcular, contando cantas culleradas de azucre, vasos de leite, etc. fan falta para facelo.
- Xogar a buscar na casa obxectos de distintas cores e formas.

### Para estimular a lectoescritura podedes:

- Ler en familia contos, historias, cancións, chistes ou calquera artigo de interese para o pequeno/a.
- Antes de comezar a lectura, imaxinade un título para o libro, observade as ilustracións e que intente adiviñar que é o que vai ocorrer, inventade un remate distinto e facede un debuxo sobre o conto.

- Ver que letras compoñen algunha palabra significativa e como sona cada letra: o seu nome, o da nai, do pai, do protagonista do conto...
- Fomentar a motricidade fina: abrir e pechar tapóns, cremalleiras, botóns, crear un camiño e seguilo co dedo ou con tapóns...

### Para favorecer a expresión artística:

- Facilitádelle momentos para a expresión artística, procurándolle materiais variados que poidades ter pola casa: ceras, pinturas, acuarelas, rotuladores, tesoiras, papeis, etc.
- Realizar manualidades con materiais de refugallo, para fomentar a conciencia de reciclaxe. En Pinterest temos moitas ideas!
- Se son capaces animádeos a poñer o nome nos seus debuxos, eles son grandes artistas e deben firmar as súas obras de arte. Se aínda non controlan o trazo non é preciso, cada un ten o seu ritmo. Neste caso podedes poñer vos o nome e eles repasar as letras que o compoñen.
- escoitar música e bailar ao seu ritmo.

### É moi importante axudarlle a conseguir:

- Hábitos de orde: recoller os seus xoguetes, ordenar o cuarto, cooperar nas tarefas do fogar.
- Aprender a escoller, non darlle todo o que pida.
- E sobre todo, desfrutar do voso cariño e compañía, nestes momentos tan complicados.

### Recursos de interese:

- En youtube podemos atopar cancións e contos como: "O polo Pepe", "Cocorico", "O monstro de cores", "Os tres porquiños", "Coelliño branco", "A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza", "Chocolata", "Loboferoz", "Carabuñas"...

<https://www.colorear-online.com/>

<https://arbolabc.com/>

<https://www.educapeques.com/juegos-educativos>

<http://www.crtvg.es/infantil/programas/os-contos-do-camino>

<https://www.rtve.es/infantil/>